

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

#### Augas de Galicia

#### Servizo Territorial da Zona Galicia Norte

*DH.W15.69666. Saneamento. Concello de Coristanco*

#### SERVIZO TERRITORIAL DE AUGAS DE GALICIA

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

#### ANUNCIO

O Concello de Coristanco solicita de Augas de Galicia, por atoparse nas marxes do río s/d, a autorización de obras no lugar de Sorribas e Porto, parroquia de Xaviña (San Tomé), concello de Coristanco (A Coruña). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W15.69666.

As obras solicitadas consisten na execución do proxecto de “Mejora de red de saneamiento en el lugar de Sorribas, en el concello de Coristanco”.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Coristanco ou nas oficinas deste Servizo, situadas na r/ Vicente Ferrer 2, 9.º andar, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

A Coruña, 11 de marzo de 2020.

O xefe do Servizo Territorial

Néstor Rodríguez Arias

2020/2079